

**Sétima aventura do sabuxo Frank Soutelo no seu  
vinte aniversario**

**Compostela, Colón e o Prestige  
protagonizan nove obras do bimestre**





## CARTA AOS LECTORES

## Non sei

Que pode permitírnos sobrevivir como sociedade de calquera nivel (mundial, estatal, municipal e ata familiar) nunha situación como a actual na que a mentira, as falsas verdades e o retorcemento da realidade nos queren facer pensar que somos parvos? Cal é o antídoto para aboiar entre tanto barullo que nos incomoda, que nos desorienta, que nos fai renegar da verdade e mesmo illarnos no desespero, a apatía, na abstención social? Que facer se nos enchemos de forofismo e non podemos aceptar nada que non corresponda estritamente ás consignas do noso clan, partido, relixión, equipo...? Como empoderámonos en todos os eidos se no momento menos pensado vemos que a forza desmesurada da masa vai ás alcandadas detrás dunha tolería mesiánica? Ou se poderosos sen escrúpulos se rin de nós impudicamente procurando só o seu beneficio?

A mellor resposta, a máis sincera, sería un “non sei”. Pero hai que saber. Cando menos, coñecer o camiño que nos pode achegar a esa meta.

Non é doado, porque esixe saír do espazo cómodo de non cuestionarse nada, de recorrer sempre a esas mesmas fontes das que recibimos xusto tan só as mensaxes que estamos dispostos a aceptar. Obriga a ler, escoitar e abrir a mente á diversidade e debater cos demais, en especial cos que pensan diferente. A incrementar os coñecementos para argumentar e interpretar os nosos erros, para convencer das nosas achegas. Se é certo que o cerebro humano acadou evolutivamente o singular nivel que nos caracteriza pola necesidade de facer fronte á complexidade da nosa vida social, nunca coma agora nos enfrontamos ao reto de interactuar con tantos conxéneros. A resposta non está en illarnos e deixar en mans doutros ou dos algoritmos a análise, a selección e as decisións. Está en forzarse a aumentar os coñecementos e interactuar coa sociedade no seu conxunto.



**Biblos Clube de Lectores, S. L.**

Quintá N.º 8 - Mandaio  
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: [subscritores@biblosclube.com](mailto:subscritores@biblosclube.com)

Depósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440

## A Portada

“Os nosos sesenta, os setenta... Os domingos no rural. O gando atendido, acicalarse, marchar para a sala de festas! Cantas parellas comezaron así as súas historias! Talvez é de todo iso do que quere falar este meu poema visual”, di o poeta Xosé Luís Mosquera Camba, autor da colaxe da portada. “Ou quen sabe, se cadra é un xeito máis de evocar a Eros e Thánatos, de dicir pracer e de dicir morte. A vaca parece saber máis”.



## José Ovejero e poesía visual na librería Biblos

“Una de las finalidades de la literatura es acercarnos a la complejidad de las cosas”. A frase é de José Ovejero, autor de *Mientras estamos muertos* (Páginas de Espuma), quen estivo na librería Biblos de Betanzos para abrírnos de cheo a porta de entrada á vida interior dos contos que integran esta obra. Sen artificios, e coa mesma cordialidade da que xa gozamos nun encontro anterior, foi debullando moitos dos importantes temas que se abordan nos relatos inducido pola sempre destra man para o oficio da entrevista de Francisco Coloma.

A librería acolleu no mes de decembro “Intersticios”, a exposición de colaxes do poeta Xosé Luís Mosquera Camba, autor do poema visual que ilustra a portada deste número da revista Biblos. “Hai un tipo extraño instalado en certos intersti-

cios do meu absurdo corpo. As autoridades non queren darlle a importancia que o asunto merece. Eu sei que estas cousas sempre acaban mal, non teño a menor dúbida”. A cita é de *Parhelio* (Espiral Maior) o poemario de Mosquera Camba que inspirou a liña temática coa que se crearon as colaxes, expostas ata mediados deste mes de xaneiro.

Con máis de cincocentos mil seguidores e seguidoras atentos ás súas recomendacións, Isabel Fraga Blanco, Frabisa, lembrounos que cociñar é sinónimo de saúde. A coñecida blogueira achegouse a Biblos para presentar o seu libro máis recente, *Empanadas, bizcochos y ricos dulces* (Hércules de Ediciones).

Cando se cumpriu un ano dende que botou andar “Nómades. Entre a palabra e a imaxe”, este proxec-

to de creación saltou un novo balado para facerse libro. *Entre letras e labores* (Urutau) é o título da antoloxía verbo-visual que recolle obra escrita e visual de catorce autoras-artistas galegas que son nómades entre a palabra e a imaxe. En representación destas autoras “mutantes”, Blanca Silva e Emma Pedreira presentaron na librería Biblos a escolma canda a súa editora, Inma Doval.

E en decembro visitounos tamén Teresa Moure. Perspicaz no fondo e gozosa na forma. Así foi a conversa de Teresa Moure con Esther F. Carrodegas e Soraya Lema arredor dos proxectos creativos que as dúas últimas desenvolven ao abeiro das Residencias artísticas de Mariñán nas modalidades de literatura e pensamento, organizadas pola Deputación da Coruña.





# Miguel Anxo Fernández

## Regresa o decano dos sabuxos galegos

Frank Soutelo chegou coa insólita encarga de Un nicho para Marilyn e os coleccionistas de cadáveres exquisitos. Desde aquela, o sabuxo asomou noutras seis ficcións. Comezou como personaxe de forte raiceira cinéfilo-paródica nos ambientes de Hollywood, sen descoidar a crítica social, para viaxar a Galicia nos casos seguintes e investir os termos a máis crítica social sen afastar a retranscra e o humor. En vinte anos tamén foi inevitable a evolución do propio personaxe, sobre todo o seu amargor diante das cousas que non lle pracen. Ocupouse, nas sucesivas entregas, das sinistras “snuff movies” (crimes reais diante da cámara); do #MeToo, adiantándose en moitos anos na denuncia da explotación sexual en Hollywood; xa en Galicia, da lacra dos incendios forestais; tamén do contrabando de arte e os escuros intereses que moven a millonaría economía á marxe da lei; da corrupción inmobiliaria con homenaxes ao thriller con sicópatas, gore incluído; e agora, ás tentacións totalitarias das elites á sombra dos populismos coas súas “realidades alternativas”, xunto á depredación dos recursos propios por parte de intereses foráneos.



Foto: José Luis Abalos



### A conxura do sete

O decano dos sabuxos galegos, Frank Soutelo, aquel que agromara da man de Miguel Anxo Fernández en 2002 con Un nicho para Marilyn e que se mantivo activo desde entón, regresa a Galicia para o sétimo caso a resolver. Faino acompañado do estricado funerario Sugar Jones e a petición da investigadora Dalia Maxino para o encargo de atopar a mítica espada de Santiago, agachada durante séculos, e torada en sete anacos a comezos do século XIX para impedir que a roubasen os napoleónicos. Seica a queren para os fastos do próximo Xacobeo. Mais o profesor da manda desaparece misteriosamente, e resultará que a valiosa espada interesa tamén a xentes sen escrúpulos e fins sinistros, mentres asoman os cadáveres. O sarxento da municipal Franeiras e o antigo garda civil Poncio súmanse ao desafío coa eficacia acostumada. Ao tempo que Frank pecha un segredo familiar oculto durante anos e aberto pola súa tía Castora, enrédase nunha conxura argallada desde o poder das elites na sombra, mentres a Policía non semella moi conforme coas súas pescudas. Betanzos, Mondoñedo, Lugo, Compostela, Ourense, Cambados, O Carballiño, Muros, Celanova, Oseira e Carboeiro serán lugares por onde transcorre unha trama que tamén tenta pór en valor o patrimonio histórico construído do país.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 186 páxinas

ISBN: 978-84-9151-951-5

19,71 €

## SAGA DE FRANK SOUTELO

PREMIO DE NOVELA  
GARCÍA BARROS 2002

### Un nicho para Marilyn

Galaxia Rústica  
14 x 21 cm 144 páxinas  
ISBN: 978-84-8288-672-5  
14,90 €

### Luar no inferno

Galaxia Rústica  
14 x 21 cm 244 páxinas  
ISBN: 978-84-8288-928-3  
15,72 €

### Tres disparos e dous friames

Galaxia Rústica  
14 x 21 cm 234 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-094-5  
16,72 €

### Lume de cobiza

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 284 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-367-0  
19,57 €

### Bícame, Frank

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 276 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-321-6  
19,71 €

### Un dente sen cadáver

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 244 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-724-1  
18,71 €

## OUTROS TÍTULOS

### O sabre do francés

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 158 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-423-3  
16,72 €

### Capitol, última sesión

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 166 páxinas  
ISBN: 978-84-8288-749-4  
14,15 €

### O espido de Gina

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 196 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-535-3  
16,72 €

PREMIO BLANCO AMOR 2016

### Blues para Moraima

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 260 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-049-9  
17,57 €

### Xavier Queipo Algoritmos

Nestes Algoritmos non hai trama, senón unha variada galería de personaxes, lecturas e rememoracións, máis ben pretendidas intimidades intelectuais. “Non son uns – dietarios di a editora – nin tan sequera unha compilación, senón unha secuencia de ideas acoutadas entre 2011 e 2018”. Felizmente inclasificábeis, como tantos outros textos

de Xavier Queipo, reflicten dalgún xeito que son os propios algoritmos a ideoloxía dominante neste tempo de dúbidas e incertezas, que temos que apandar con eles, coñecelos e dominalos, mesmo para seguir exercendo o oficio de escribir.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 170 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-915-7

16,15 €

II PREMIO LITERARIO PINTO E MARAGOTA  
POLA DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO

### Carmen P. G. Granreiro Estranxeiras

A condutora da Kawasaki negra chega a Santa Mariña de Augas Novas sen intención de ficar, inmersa nunha fuxida que a fixo abandonar Berlín ás présas e levando consigo pouco máis que o portátil e unhas mudas. Á menos de dous quilómetros, noutro punto da aldea, Maruxa recibe a súa neta Mara e a crianza

desta que, coa intención de pasar o verán na casa familiar, descargan algunhas maletas e non esquecen o libro das fadas. Arredor da oposición veciñal a un proxecto urbanístico preto do río, un amplo elenco de personaxes vese fiado por un agro rural que se debate entre a desaparición e a renacemento. Carmen P.G.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-155-4

16,63 €

PREMIO  
XUVENTUDE CREA 2022

### Alba Guzmán Xoaniña de Deus

Narrada a dúas voces, é a historia da vida dunha muller diagnosticada de alzhéimer que necesita seguir viva. Xoaniña estase esquecendo da súa vida, de feito nin tan sequera lembra o seu nome ou a idade que ten. Ao redor dela tan só xira a soidade, o medo e uns invisibles fios que a manteñen atada á realidade.

Unhas desconcertantes tatuaxes gravadas na pel e un vello diario con tapas de coiro negro son o facho que alumea os seus pasos, as pegadas que lle permiten regresar ao pasado para recorrer un tortuoso camiño ata chegar a un inesperado final.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-1110-170-7

14,50 €



# María Reimóndez




Foto: Iván Reymondez

## Multitudes

A autora de *Cobiza* retoma os seres completos nunha continuidade de acontecementos. Mentres Seh-Dong e as rebeldes loitan contra as Familias, Dandara, Tassi e o resto navegan o Mar de Plásticos na travesía contraria á que trouxo os seres completos á antiga Capital do Oeste. Na necesidade urxente de confluír, atoparán respostas, tamén sobre o que aconteceu no pasado. Cunha multiplicidade de voces e percorridos, esta novela é unha chamada á rebeldía vexetal da especie humana. Entre o desastre e a esperanza, os seres completos -parte humana e parte árbore- e as súas aliadas tentan cambiar o rumbo dun destino que, tras a Gran Desconexión, parecía de novo encamiñado á escravitude e á explotación.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 216 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-233-9  
18 €




# Ignacio Portabales

Ignacio Vidal Portabales (Compostela, 1958) é profesor titular de Dereito Mercantil na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago. Ademais de poeta, na súa faceta de narrador, gañou en 2012 o Premio Blanco Amor coa obra *Dióxenes en Dolorida* (2013) e, en 2019, acadou, con Lara e Sabela, o Premio de Novela Curta Manuel Lueiro Rey (2020). Tamén é autor da obra *O inspector e mais eu* (2016) e da novela destinada á mocidade *Sangue no dron* (2022).

**PREMIO  
GARCÍA BARROS  
2022**

## Illas remotas

Gañadora do premio García Barros, o argumento trasládanos ao tempo que para as nenas Cata e Luci transcorre vagaroso nun xogo de espellos, máscaras e realidades posibles fuxindo dun pai brután mentres vagabundean polas caellas de Bogotá. Moi lonxe desa existencia terrible, as irmás Catuxa e Lucía deambulan tamén entre as ruínas dos seus fracasos persoais e profesionais e tentan recompoñer a súa relación fraternal. Todas elas, as nenas e as mulleres, asómanse ao precipicio do futuro sen moitas esperanzas, mais unha herdanza cunha obriga inesperada pode vir mudalo todo. Como illas remotas, Galicia e Colombia semellan afastadas, mais os designios do azar, ou non tanto, e os elos invisibles dunha cadea de afectos quizabes rematen por unir eses dous mundos.



Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 216 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-950-8  
16,53 €




Foto: Carme Franco



## María Solar A culpa

Cada seis meses, os empregados dunha pequena sucursal bancaria reciben a visita da señora Gondar, unha muller de aspecto miserable e cun fedor corporal insoportable que controla ata o mínimo detalle as súas contas millonarias. Amanda, unha novísima empregada da oficina, aténdea unha soa vez. Un mes despois do encontro, a señora Gondar falece e Amanda convértese inesperadamente na súa única herdeira. A moza e o seu amante xornalista comezan unha investigación sobre a identidade da ancía.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 336 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-177-6  
17,57 €



## Alberto Ramos Os corpos dos Romanov

Varias historias que se entrelazan para finalmente encaixar nun argumento en que o azar das relacións humanas xunta unha serie de personaxes solidamente construídos, que viven e soñan en Augsburgo e noutras cidades alemás, e nos que se reflicten as iniquidades e os traumas individuais e colectivos do pasado. Como detonante, o 25 de decembro de 2016, cando máis de 50.000 augsburgueses foron evacuados por mor da aparición dunha bomba sen detonar da Segunda Guerra Mundial no Nadal máis extraño que ten celebrado a cidade alemá.


Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 164 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-953-9  
15,86 €



## Antón Riveiro Coello Días de intemperie

Os coidados, a fidelidade, a homosexualidade, a covardía, a vinganza, a suplantación de identidade, o amor polos libros, o contrabando ou a orfandade son algúns dos temas que compoñen este libro estremecedor onde o pano de fondo sempre é a guerra. Os personaxes en situacións límite para que ofrezan o mellor e o peor de si. Relatos duros que confrontan a quen le co espello para saber o lugar que poderíamos ocupar en conflitos tan diversos como os que acollen estes relatos. E tanto ten onde se desenvolva a guerra.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 120 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-907-2  
15,20 €



## Emilio Arauxo Había boa vontade e repartíase co señor Afranio

Dándolle aínda voz aos pasos tutelares do señor Afranio. Aldeas polas que pasou, ruínas pensantes que cortan o paso. A errancia ao cabo dunha firma que afirmaba o porvir. O pulo dunha chamada que segue buscando. E sempre na liña de lama, non desviando nunca da liña, cun guizo, das matemáticas na lama dos camiños. Por onde se conta a súa historia, bendicido sempre cun desexo de ceo.

Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 130 páxinas  
ISBN: 978-84-125915-2-1  
15,20 €



## Irene Rega Jul



Foto: Carme Franco

**A malferida**

Mariña, con só catorce anos, intelixente e cunha nai que a quere, está atrapada na araña do terror cada vez que vai ao colexio. O seu único desexo é pasar desapercibida, ser invisible aos ollos dos seus acosadores, pero a escalada de violencia increméntase día a día atrapada nunha situación da que ninguén parece decatarse. Hai quen mira para outro lado e hai quen non quere ver, ata que unha tarde desaparece. Azucena denuncia a ausencia da súa filla e os axentes da policía comezan a investigación coa esperanza de atopala con vida. O medo domina agora toda a vila. A autora (Cervo, 1996) é mestra e está graduada en Educación Primaria. Publicou *Si me pierdo, tú me encontras* e a súa continuación, *Si me pierdo, búscame*.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 254 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-954-6  
16,53 €

## Marta Villar



Foto: Víctor Echave

**Non temerás os coches amarelos**

Dina Souto, bolseira nun xornal, débatese de cote na contradición de procurar ser unha persoa normal ou deixarse levar pola súa querenza desde a infancia pola violencia brutal. O asasinato que presenciou sendo cativa e a pertenza a unha entidade secreta son elementos que se cruzan cunha traxedia persoal e un amor eterno que parece imposible. Historias da vida que se mesturan coas historias que se viven, e se escriben, cada día nun xornal, cunha protagonista militante contra o machismo e que cre na violencia para erradicar a violencia. Tamén as vivencias da última xeración que estivo en contacto coa terra, o elo entre a Galicia rural e a Galicia urbana, as experiencias dos emigrantes nas plataformas de petróleo ou dos que traballaban nas minas de volframio.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 320 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-264-3  
18,52 €

## Antonio Tizón



Foto: Rafael Verdía

**Lobos doentes**

A aplicación da lei do talión semella estar detrás dunha serie de crimes que remiten a diferentes autorías e comezan ao pé da Torre de Hércules co descubrimento do cadáver dun home que agocha na chaqueta o logotipo dunha bandeira rusa e o enderezo de tres prostíbulos. Esta novela, na que o policía Sánchez Pereiro se transforma noutro dos moitos lobos e lobas doentes que loitan pola supervivencia, débelle o título ao poema de Rosalía «A xusticia pola man». Afonda na temática recorrente da vinganza, enlazada co 11-M como marco histórico da trama, e volve incidir, como en obras anteriores do autor, na impunidade do poder fronte ao crime ou na confusión entre a loucura e a maldade, e mesmo intenta descifrar a escuridade que rodea certas tendencias sexuais.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 312 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-239-1  
18,95 €

**Inma López Silva**  
**Quen non ten un avó fascista?**

O libro oscila entre a memoria familiar, a ficción e o relato histórico a partir da vida do avó paterno da autora, alcalde franquista dun pequeno concello rural. A través del, conta unha historia que se centra nos perdedores e foxe do aspecto heroico que tan a miúdo constrúe a lectura da guerra e a ditadura, retirando o foco daqueloutra maioría que, simplemente, sobrevivía como podía. A vida da familia retratada na obra conta dun xeito orixinal a historia política da Galicia da segunda metade do século XX. Unha alegación antifascista escrita desde as tripas do propio fascismo.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 254 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-941-6  
21,56 €

**Xelís de Toro**  
**Etceteramente**


Páxinas en branco, capítulos que faltan, unha lectora que se rebela, un escritor ansioso por escribir unha obra sublime, un periplo polo trasmundo interior, rebeldes contra a especulación urbanística e revolucionarios á busca do escritor, cartas a un escritor morto, a directora dunha editorial a quen non lle dan as contas, un pauto co demo, unha seita literaria que se rexe polo libro *De catro a catro*. Día editora que esta obra é un disparate absoluto; indescribible, indefinible, inexplicable, imperdoable... Unha homenaxe ao poder creativo da literatura.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 496 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-227-8  
23,27 €

**Uxío Larvós**  
**A mona de Schrödinger**

Por falta de vacantes na súa propia especie, unha mona bonoba resignase á reencarnación nun pelexo humano, algo que non considera malo por compartiren o 99% dos xenes. Mais axiña comprenderá o seu monumental erro. E así, nunha fusión entre o diario íntimo e a novela de aprendizaxe, acompañamos a mordaz e irreverente bonoba (agora Suso Mourinho) na súa loita diaria por se manter a flote, algo nada sinxelo cando o pai bebe canto gaña, o monte veciñal da aldea é usado como vertedoiro e ela non encaixa nin sequera no novo corpo.

Baía Rústica  
14,30 x 21 cm 216 páxinas  
ISBN: 978-84-9995-415-8  
15 €

**Juan Fariña**  
**O que foi**

Unha viaxe no espazo e no tempo ata a vila orixinal de Portomarín antes de ser asolagada polas augas. A historia do que hoxe son tan só ruínas volve á vida da man do autor de *O que foi* e recupera personaxes, diálogos e acentos daquelas casas, daqueles veciños, daquel tempo pasado que nestas páxinas regresa ao presente a través dun fillo de galegos retornado á terra. No relato sorprende un sosia de Franco que achega unha boa dose de intriga e orixinalidade a unha novela que non deixa indiferente.

Medulia Rústica  
15 x 23 cm 344 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-13-3  
18,90 €

**José Manuel Cairo Antelo**  
**O espello de dúas caras**

No 1963, achouse no lugar da Barquiña, nos arrabaldes da actual vila costeira de Noia (A Coruña), un cadáver afogado na ría. Nada se coñece da vítima nin das circunstancias que rodean o seu pasamento, de modo que a forense procurará na autopsia respostas para preguntas como de quen se trata, de que morreu, cando foi, como foi... Trátase dun suicidio, dunha morte accidental ou foi un criminal quen lle arrebatou a vida á vítima? Nesta vila tranquila, que turbios segredos arrodean tan tráxico acontecemento?

Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 221 páxinas  
ISBN: 978-84-125915-3-8  
15,20 €



Á VENDA  
EN FEBREIRO

Ismael Ramos

## A parte fácil

As personaxes deste libro están medrando. Ou quizais non se decaten de que xa remataron de medrar. Da adolescencia á trintena, as voces que tecen estes contos aprenden a convivir con sentimentos de culpa que non lles pertencen, coa vergonza, con segredos familiares antigos e recentes... A dificultade para comunicarse co mundo déixalos illados na inquietante xordeira de quen

afunde a cabeza relaxadamente nunha bañeira chea de auga e sopesa a idea de non erguerse nunca máis. Primeiro libro de narrativa de Ismael Ramos.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 208 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-257-5  
16,62 €



# Xosé Monteagudo

## Vémomos mañá

Relato da relación e das circunstancias que mudaron as vidas, pero non os ideais, de Bibiano e Josefina cando el, a finais de xuño de 1986, sae de México para regresar a Galicia, a súa terra natal, que non pisa desde hai medio século, e ela, a muller coa que casara en 1929, lembra na súa casa de Pontevedra a felicidade e os dramas da súa xuventude. É a historia dunha muller que coñeceu o triunfo e a represión das súas ideas e o retrato dun home que sempre considerou que a ciencia debía estar ao servizo do progreso e da dignidade humana. Unha impactante historia de amor e compromiso que amplía o enfoque da loita pola liberdade para mostrarnos o protagonismo feminino na retagarda. Unha novela baseada na historia real de Josefina Arruti e de Bibiano F. Osorio-Tafall.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 296 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-238-4  
18 €



## OUTROS TÍTULOS

### Eternity

Galaxia Rústica  
13,50 x 21 200 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-769-6  
15,50 €

### Todo canto fomos

Galaxia Rústica  
13 x 21 cm 528 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-695-4  
23,51 €

### O curioso mundo das persoas normais

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 136 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-459-2  
13,40 €

### Un tipo listo

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 356 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-222-2  
19,90 €

### As voces da noticia

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 372 páxinas  
ISBN: 978-84-8288-589-6  
21,80 €

### Esta historia

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 200 páxinas  
ISBN: 978-84-8288-910-8  
15 €

María Xosé  
Queizán

NOVA  
EDICIÓN

## Amor de Tango

Nova edición dunha novela que é memoria viguesa construída desde un eficaz realismo. Un canto a Vigo e ás mulleres que a poboaron na república e na etapa da represión franquista a través dos recordos de Margot, unha das protagonistas. É a novela das mulleres que durante os esperanzados anos 20 e 30 descubrían o mundo;

das traballadoras que espertaron á vida naquela urbe pioneira, atlántica e liberal de preguerra; das obreiras das fábricas de sardiñas, dos transatlánticos, das fábricas de salgadura, do Cable Inglés, das grandes navieiras, da emigración, do Berbés.

Xerais Rústica  
14,5 x 22,5 cm 192 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-255-1  
17,57 €



## Charo Cuba Penabad A vinganza das raíces cadradas

Primeira obra literaria que publica esta autora pontesa con dezaseis relatos ao redor da emigración cun fin solidario en favor da asociación Arraianas. Todos os textos teñen como denominador común a emigración tanto de quen foron ás Américas como a Europa, pero tamén das persoas que viñeron e seguen vindo en busca dun futuro mellor, que é o que move o mundo desde que é mundo. Son historias de ficción, algunhas delas inspiradas en personaxes ou feitos reais, que contan ausencias, desarraigamentos, esgazaduras, perdas de identidade, fracasos e algún que outro éxito.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 118 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-17-1  
14,90 €



## Emilio Castro Fustes e Carmen F. Santás Entre nós

Emilio e Carmen son dous vellos amigos que se reencontraron despois de anos. El regaloulle o seu primeiro libro, *O campón de Rodela*. Morada de voces familiares, e recibiu outro de Carmen, *Cosas del Karma*, relatos breves inspirados en haikus. De aí partiu a idea de escribir algo xuntos e xurdiron estas dúas dúcias de contos de forma natural e espontánea, como dúas miradas distintas ás veces, con diferenzas outras pero sempre con emocións compartidas dun paraíso que se foi perdendo e que agora case temos que ficcionar. Completan o libro doce orixinais ilustracións de Emilio.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 146 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-22-5  
14,90 €



## Guadalupe Vázquez Formoso Conto de Quilmas

Trátase dun percorrido por momentos, lugares, persoas e, sobre todo, voces que volven á vida, ou se aferran a ela, a través desta narración, que é froito dun traballo de recompilación de palabras e expresións que –triste e inevitablemente– se están a perder por entre a bruma do mar da memoria.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 136 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-23-2  
14,90 €




## Francisco Fernández del Riego Lourenzá

Lourenzá é "unha historia rememorativa" onde o autor, ensaísta e narrador referente na historia do galeguismo e a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas do 2023, conta "o que teño aprendido sobre o pasado da vila na que nacín e me criei. Vivencias dos días alí decorridos. Impresións sobre a paisaxe, o ambiente do lugar. Un algo tamén do que coñecín en localidades veciñas", que a memoria revivía, nestas e noutras lembranzas, mentres unha voz amiga "soaba en min: 'Di comigo Lourenzá e ollarás como algo rosa e branco se abala sobre a verde terra'".

Galaxia Rústica  
13 x 21 cm 118 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-965-2  
16,15 €





## Gabriel García Márquez Crónica dunha morte anunciada

Primeira tradución ao galego dunha das obras senlleiras da literatura universal contemporánea publicada inicialmente en 1981 en castelán polo premio Nobel colombiano. Inspirada nun crime real cometido en 1951 no municipio de Sucre, recrea os feitos nunha mestura de crónica xornalística e ficción que achega a visión dos feitos dun gran número de personaxes, veciños do pobo que viviron os feitos máis ou menos directamente. A novela ve a luz agora por primeira vez na nosa lingua da man dos tradutores María Rey Rey e X. Amancio Liñares Giraut. A cuberta é obra dun dos grandes debuxantes galegos, Siro López, que deseñou a ilustración orixinal de "Gabo" para dar a benvida a este volume.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 122 páxinas

ISBN: 978-84-19438-24-9

14,90 €



## Prosper-Henri Devos Cartas de Galiza


Esta nova edición e tradución de María Obdulia Luís Gamallo actualiza e anota as oito crónicas que o autor publicou no xornal *L'Etoile Belge* en 1912. Case perdidas para o lectores e investigadores galegos e portugueses, hoxe é preciso recuperalas como memoria individual dun escritor novo, ávido de novas experiencias, que simpatizou coas xentes máis humildes, e como memoria colectiva da Galiza. O escritor aventurárase nunha busca do eu interior, do espazo alleo e da Historia. Fuxida constante cara ao pasado, evasión permanente do escritor cara ao imaxinario fronte a unha realidade, a da súa propia vida, que o afoga e o mutila, as Cartas atrapan ao escritor belga noutro espazo-tempo á marxe da modernidade e da civilización europea.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-8487-611-3

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Anita Brookner Os tardeiros

Considerada a mellor do autor, a obra fainos partícipes de máis de medio século de amizade entre Hartmann e Fibich, dous seres con vidas paralelas pero con formas ben diferentes de xestionar o seu duro pasado. Orfos tras a desaparición das súas familias polo cataclismo da Segunda Guerra Mundial, foxen da Alemaña nazi cando nenos para se instalaren en Inglaterra, onde emprenden un camiño compartido: a escola, a apertura dun negocio e, tempo despois, os seus respectivos matrimonios e a nacemento dos fillos. A memoria, as frustracións, o conformismo, a depresión, a identidade, a beleza, o que se mostra en público e o que fica no ámbito da intimidade, o amor sentido de múltiples formas... son algúns dos temas. Tradución de Alejandro Tobar.

Huguin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 320 páxinas

ISBN: 978-84-126007-2-8

15 €



## Thomas Wolfe O neno perdido

A acción localízase en St. Louis (Misuri) en 1904, onde a familia do neno perdido reside sete meses co gallo da Exposición Universal.

As catro partes da obra teñen o propósito de, con cadansúa perspectiva, recuperar o neno perdido e compoñer o retrato da súa personalidade. Na primeira, un narrador en terceira persoa refire as impresións do cativo unha tarde de 1904 na praza de Altamont, a recreación da súa vila natal.

A segunda é un monólogo emocionado da nai, no que refire a viaxe da familia. Na terceira, a súa irmá Helen lembra os episodios que rodearon a morte do pequeno. E na cuarta, é o escritor quen relata o seu intento de lograr remanecer a Grover mediante a visita, trinta anos despois, á casa na que finou. Tradución de Ignacio Chao.

Huguin e Munin Rústica

13,5 x 20 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-126007-1-1

14 €



## Juan Tallón Rewind

Paul comparte piso no centro de Lion con outros tres estudantes. Alí gozan da independencia, a liberdade e dun estado de festa perpetua.

Ata que un venres pola noite todo salta polos aires. Tras unha explosión inesperada, o piso queda derrubado e o mundo xa non volverá ser o mesmo. A partir desta traxedia, superviventes e testemuñas reconstrúen o momento, revelando a fragilidade da vida, e a dificultade para superar a

recorrente vivencia que asalta as vítimas. Cun maxistral sentido do equilibrio e da mesura narrativa, crea unha combinación fascinante de ficción e realidade con múltiples voces.

Faktoria K Rústica

13,5 x 20,5 cm 264 páxinas

ISBN: 978-84-19213-21-1

17,10 €



## Bibiana Candia Azucres

Galicia, mediados do século XIX. O país está asolado pola fame e a enfermidade. A única saída para os mozos como Orestes Veiga pasa

por buscar un futuro mellor en Cuba. Inxenuos pero cargados de ilusión, acabarán traballando como escravos nos campos de azucre de Urbano Feijóo de Sotomayor. O obxectivo deste empresario galego é substituír os escravos africanos por compatriotas novos. Será entón cando descubran que

«con sangue se fai o azucre». Unha viaxe baseada en feitos reais que recupera un período escuro da nosa historia. Ilustracións de Xosé Cobas.

Faktoria K Cartonado

16 x 24 cm 168 páxinas

ISBN: 978-84-1343-182-6

19 €



# Para peques

Catro libros de cartón duro para que miúdas e miúdos collan gusto ao conto. Dous son da colección Do berce á lúa ideada por Kalandraka para educar o ollo e adoazar o oído, apoiándose nos recursos do cancionero tradicional infantil. Os outros dous títulos, da editorial Baía, incorporan sons de animais.

**Antonio Rubio e Óscar Villán**

## Bebé


Mostra o crecemento así como as actividades cotiás da familia.

ISBN: 978-84-1343-163-5

## Dó re mi

Achega á diversidade das aves e ás notas musicais.


ISBN: 978-84-1343-165-9



Kalandraka Cartonado 16 x 16 cm 16 páxinas

**8,50 € cada libro**

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



**Julie BezděKová**

## Na granxa

Que ocorre despois de que o canto do galo esperta os animais? Ben, pois que as vacas brúan, as ovellas bean, as galiñas cacarexan, os porcos rafían... Na granxa sempre hai tarefas que facer! Botóns para escoitar os sons dos animais. Ilustracións de Magdalena Takáčová.

Baía Cartonado  
20 x 20 cm 10 páxinas  
ISBN: 978-84-9995-391-5

**17,10 €**


**Julie BezděKová**

## No bosque

No bosque viven unha morea de animais. Algúns vense a pleno día, outros só se poden observar en raras ocasións. Son difíciles de observar pero é posible escoitar as súas voces ao premer os botóns máxicos deste libro. O bosque nunca dorme! Ilustracións de Magdalena Takáčová.

Baía Cartonado  
20 x 20 cm 10 páxinas  
ISBN: 978-84-9995-390-8

**17,10 €**



**María Pascual de la Torre**

## Así ou así?

Novo título da colección Acartonados (fondos claros, esquinas redondeadas e imaxes definidas) para descubrir que sempre hai outra maneira de facer as cousas. Unha proposta transgresora que convida a participar na que maiores e pequenos se verán reflectidos.

Kalandraka Cartonado  
19 x 19 cm 24 páxinas  
ISBN: 978-84-1343-167-3

**12 €**

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



**Margaret Wise Brown**

## Todos o viron

Primeiro dos catro libros que a fotógrafa Ylla e a escritora Margaret Wise realizaron xuntas. As imaxes captan as reaccións de animais grandes e pequenos, feros e mansos, ante algo que presencian. O texto rebuldeiro mantén o suspense ata as últimas páxinas, arrancando un sorriso no final. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado  
22 x 28 cm 40 páxinas  
ISBN: 978-84-1343-183-3

**15,20 €**



**Lenka Chytilová**

## Pola noite

Aínda que xa caeu a noite, non todo o mundo dorme na fraga. Os raposos cazan, as ras croan a todo meter, as formigas seguen co trasfego do día. As curuxas observan todas as actividades desde as alturas. Un libro troquelado a toda cor que anima a descubrir como se orientan pola noite os animais e pon en valor a importancia ambiental dun ecosistema tan especial e próximo como as nosas fragas. Ilustrado por Martin Šojdr e traducido por María Reimóndez.

Baía Cartonado  
23 x 23 cm 12 páxinas  
ISBN: 978-84-9995-399-1

**15,20 €**



**David Pintor**

## Non a todas as nenas lles gusta o rosa

A través dun divertido diálogo coa súa filla, o artista David Pintor plasma algunhas das moitas e estafalarias afeccións que poden facerlles soñar ás nenas. Un álbum que fala dos estereotipos de xénero empregando un dos mellores instrumentos: o humor. En tradución de Anaí Rodríguez.

Xerais Cartonado  
20 x 26 cm 32 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-173-8

**13,50 €**

XV PREMIO  
INTERNACIONAL  
COMPOSTELA DE  
ÁLBUM ILUSTRADO



## Fabiola Anchorena Esperando o amencer

O sol, a lúa e a chuva non se deixan ver pola selva e todo está envolto nunha longa noite. Os animais do bosque amazónico emprenden unha viaxe para descubrir por que non amanece. O libro convida a unha reflexión sobre a explotación e destrución da Amazonia. Traducido por Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado  
21,5 x 28,5 cm 28 páxinas  
ISBN: 978-84-1343-177-2

En castelán, **Esperando el amanecer**,  
ISBN: 978-84-1343-178-9  
15,20 €



## Música Miúda Cambia o conto

Houbo unha vez un lobo feroz e unha nena asustada. Houbo tamén unha avoa indefensa e unha madrastra malvada... Sempre a mesma lería... ou non? Aquí, Música Miúda dálle a volta ao conto. Con códigos QR para escoitar as cancións. As ilustracións son de Xosé Tornás.

Galaxia Rústica  
23 x 23 cm 40 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-930-0  
15,20 €



## Carmen Penim A fraga de pasacorrendo

Un lobiño con frío, un paxariño cagón, un ratiño artista... e moitos personaxes máis cos que vivir as aventuras desta marabillosa fraga! Con audiocontos e cancións!

Toxosoutos Cartonado  
21 x 14,8 cm 45 páxinas  
ISBN: 978-84-125915-4-5  
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Rūta Briede A raíña das gaivotas

Primeiro conto letón que se publica en galego. Foi o debut, en 2017, da autora e ilustradora báltica Rūta Briede. Traducido agora por Elina Brasliņa, Lawrence Schimel e María Reimóndez. Conta a historia de Renata, a típica veciña rosmona que sempre está de mal humor polo boureo que fan as gaivotas, a veciñanza, os ruidos. Ata que vive unha viaxe transformadora, de ensoño, de autodescubrimiento. Nacerá nela a comprensión do outro, a empatía, e unha nova mirada sobre as persoas e o mundo.

Alvarellos Cartonado  
22 x 17,5 cm 44 páxinas  
ISBN: 978-84-18567-34-6  
15,20 €




## Pavla Hanáčková, Hana Mokrošová e Helena Haraštová O marabilloso mundo das profesións

Páxinas que acompañan para saber un chisquiño máis das profesións menos coñecidas pero que máis moven o mundo hoxe en día. Descubren que habilidades precisa a xente que se dedica a cada cousa e o que lle gusta do seu traballo. En tradución de María Reimóndez. Con ilustracións de Elena Pokaleva.

Baía Cartonado  
21,5 x 28 cm 64 páxinas  
ISBN: 978-84-9995-402-8

19,76 €



## Titimoki Pomodoro

O oso Pomodoro vive tranquilo nunha pequena casa de cor vainilla rodeada de ducias de maceiras que coida con esmero cada día. Polas mañás, colle a súa cesta chea de mazás e fai repartimento entre a veciñanza. Non necesita nada máis para ser feliz. Un día descobre que unha comunidade de vermes se instalou a vivir nas súas mazás, e xa ninguén desexa comelas. Pomodoro vai ter que buscar unha solución se quere recuperar a súa feliz tranquilidade.


Xerais Rústica  
13,50 x 19 cm 48 Páxinas  
ISBN: 978-84-1110-236-0  
10,95 €



## Agustín Fernández Paz A cidade dos desexos

Un día os nenos e nenas da cuadrilla baten cunha persoa enigmática, capaz de facer as cousas máis estrañas e fascinantes. Con esa persoa van emprender a aventura de cambiar por completo a cidade onde viven. E non vai ser unha tarefa doada. A primeira obra infantil que publicou Agustín Fernández Paz é un conto ecoloxista que lembra que é posible mellorar o mundo comezando polo máis próximo. Ilustracións de Ignacio Hernández.

Xerais Rústica  
13,5 x 19 cm 64 Páxinas  
ISBN: 978-84-1110-260-5  
11,95 €




## Marilar Aleixandre Nogard

«Nogard era un dragón que tiña todo do revés e, no canto de lume, botaba auga pola boca...» Cando Celia comeza a inventar esta historia para os seus sobriños non sabe como acabará. Tampouco sabe que ela mesma se verá arrastrada pola irmandade dos ratos a desafiar o Papapalabras, o monstro que devora palabras, na procura da chave do gardaestrelas. Unha aventura trepidante polo país de Milmontes que pon a proba a afouteza de Celia e a súa capacidade para termar das palabras fronte aos monstros, que queren facelas desaparecer. As ilustracións son de MeliMolita.

Xerais Rústica  
13 x 20 cm 144 Páxinas  
ISBN: 978-84-1110-141-7  
12,95 €



Á VENDA  
EN FEBREIRO



XXXIX CONCURSO  
DE NARRATIVA  
INFANTIL VILA D'IBI  
2021

## El Hematocrítico Dona Problemas

A Carlota todo o mundo a coñece como "Dona Problemas", porque se dedica a resolver os incidentes que padecen os alumnos e alumnas do seu colexio: unha mochila estragada por un iogur que se derramou dentro, un cromó que non se dá conseguido ou un veciño que escoita a tele a todo volume e non deixa durmir. Non hai nada que se resista aos recursos e ao enxeño de Carlota e do seu axudante Xoán. Ou si? Porque sempre hai problemas máis difíciles de solucionar ca outros... Con ilustracións de Paco Roca.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-258-2

12,50 €



## Christine Nöstlinger O pensador entra en acción


O Pensador, o Picas, Lilibeth e o Sir son amigos e compañeiros de instituto; como xa cursaron xuntos infantil e primaria, coñécense á perfección. Por ese motivo, cando na clase de 3º D empezan a desaparecer obxectos de valor e un dos catro é acusado de ladrón, os outros tres amigos non cren nin por un segundo que cometese roubo ningún e propóñense demostrar a súa inocencia. Non tardan moito en exoneralo e identificar o verdadeiro ladrón, mais o final non é tan feliz como podería parecer... Traducido por Eva Almazán.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-16884-60-5

15,20 €

XIX PREMIO ANAYA  
DE LITERATURA  
INFANTIL E XUVENIL  
2022



## Andrea Maceiras Alma de elefante

Suy e Lawen son xemelgos. Suy ten alma de bolboreta e Lawen de elefante. Ou iso di a velliña Champey. A Suy parécelle imposible: el é máis forte e sempre coidou da súa irmá xemelga. Lawen é distinta das outras nenas: cústalle expresar os seus sentimentos e ponse nerviosa coas situacións novas. El debería ser o elefante! Pero ás veces as cousas non son o que parecen. Ás veces os tesouros teñen catro patas. E só as bolboretas voan o suficientemente alto para atopalos. Ilustrado por Jordi Solano.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 168 páxinas

ISBN: 978-84-1110-237-7

12,50 €

IX PREMIO MANUEL  
MARÍA DE LITERATURA  
DRAMÁTICA INFANTIL,  
2016




## Carlos Labraña O valo

No medio do deserto, o Soldadiño de Chumbo, un neno soldado, chanta unha bandeira e coloca un valo de arame xusto onde o mapa marca a fronteira. Do outro lado do valo, Sahara, unha rapaza que foxe da guerra, trata de convencerlo de que a deixe pasar, xa que está procurando un pozo onde saciar a súa sede. Peza dun único lance para dous personaxes coa guerra de Siria como pano de fondo, *O valo* propón unha emocionante reflexión sobre a igualdade e a paz entre todas as persoas e comunidades.

Xerais Rústica 13,50 x 19 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1110-235-3

11,50 €




## Erich Kästner Emil e os detectives

Emil Tischbein xa ten idade para viaxar só a Berlín, onde vai pasar uns días cuns parentes. Nin el nin a nai imaxinan que o primeiro adulto con quen coincida no tren será un ladrón que lle levará os cartos. Por sorte, a cativada berlinesa non dubidará en botarlle unha man para desfacer o torto.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-16884-61-2

15,20 €



## Joseba Sarrionandia Unha volta ao mundo

Unha nena pídelo á súa avoa, profesora de Historia a piques de jubilarse, que lle relate «unha historia de verdade». E así, a avoa comeza a narrar a historia da volta ao mundo que no século XVI realizaron Magalhães e Elcano. As preguntas e observacións da nena converterán a crónica da antiga travesía nun motivo para explicar, con tenrura e humor, outras moitas historias reais sobre este estraño planeta no que vivimos. Ilustracións de Aristides Hernández. Traducido por Isaac Xubín.

Kalandraka Cartonado 15 x 23,5 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-1343-195-6

17,10 €



**Xavier Estévez**

## A memoria dos pingüíns

Aldán ten catro anos e aínda está tentando entender o mundo. Cando os seus pais deciden deixar atrás a cidade e mudarse a unha pequena vila, coñecerá a Xiana, unha nena da súa clase. Os dous vivirán unha noite de perigo cando un incendio ameaza con arrasara o bosque. Con ilustracións de Carlos Gallego.

Xerais Rústica

13,50 x 19 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-1110-261-2

12,95 €



**Edith Nesbit**

## A cidade máxica

Philip, o irmán menor e único membro da familia de Helen, vese obrigado a abandonar a súa idílica vida cando a súa irmá decide casar. Ademais dos problemas derivados do cambio de casa e da perda de intimidade que ambos tiñan, Philip ten que afacerse a convivir coa súa medio irmá, Lucy —coa que non se leva nada ben— e con outros habitantes da casa, coma unha desdenosa e estraña coidadora. Aproveitando a ausencia desta, un día Philip decide buscar consolo na construción dunha desas cidades máxicas que adoitaba montar con Helen, na que emprega xoguetes, mobles, libros e outros obxectos estraños. Unha noite, a súa creación cobra vida e el e Lucy son transportados de forma máxica a ese lugar e deberán tratar de salvar a Cidade Máxica cumprindo unha antiga profecía, aínda que unha adversaria misteriosa está disposta a roubarlles a gloria.


Hércules Rústica 17 x 22 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-18966-59-0

18,90 €

# Ledicia Costas

Á VENDA  
EN FEBREIRO



## A señorita Bubble. Deus salve as raíñas

A señorita Bubble recibe unha carta de Isabel II e ten que viaxar de inmediato ao Palacio de Buckingham. A raíña está en problemas: hai unha invasión de ratas na cidade de Londres. Consequiron entrar no palacio e roubaron unha das pezas máis valiosas da colección de Isabel II. Os roedores actúan baixo as ordes de

Jack White, un cazador de ratas que conseguiu adestralas coa intención de dominar o Reino Unido. A recoñecida inventora vai ter que desprezar todo o seu enxeño para recuperar a peza roubada e tamén para que a paz regrese a Londres. Mais non o vai ter nada doado. As ilustracións son de Andrés Meixide.

Xerais Rústica

ISBN: 978-84-1110-259-9

12,95 €

13 x 20 cm 128 Páxinas



**Monteiro Lobato**

## A chave do tamanho

A travesa boneca Emilia, movida polo desexo de por fin á Segunda Guerra Mundial, desconecta a Chave do Tamanho na Casa das Chaves, e realiza así "unha cousa colosal, a cousa máis colosal xamais acontecida no mundo": reduce todos os seres humanos (e só a eles!) a un tamaño minúsculo, próximo ao dos insectos. O seu xesto desencadea increíbles consecuencias e obriga os diminutos seres humanos a reorganizar todos os seus hábitos, prácticas e a súa visión do mundo.

Hércules Rústica 14 x 21 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-18966-56-9

15,20 €



**Concha Castroviejo**

## O xardín das sete portas

Catorce contos e unha obra teatral que lle dá título compoñen este volume galardoado en 1961 co Premio Doncel. As historias da escritora galega Concha Castroviejo, unha das máis destacadas da posguerra española, destilan a maxia, a fantasía e a cor dos paraísos que coñeceu e das estrelas que a iluminaron.

Belagua Cartonado 25 x 23 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-124434-5-5

28,40 €

### OUTROS TÍTULOS

#### A señorita Bubble

Xerais Rústica

13 x 20 cm 160 Páxinas

ISBN: 978-84-9121-793-0

12,95 €

#### A señorita Bubble. Baixo cero


Xerais Rústica

13 x 20 cm 128 Páxinas

ISBN: 978-84-9121-763-3

12,95 €





Jane Austen


**Emma**

Intelixente, rica e fermosa, Emma Woodhouse non precisa marido, pero resúltalle divertido facer de casamenteira para as súas amizades. Ata que a súa confidente Harriet Smith decide casar, e os seus enredos producen consecuencias inesperadas. Tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica 14,5 x 23 cm 400 páxinas

ISBN: 978-84-17388-89-8

23,75 €



Mark Twain


**As aventuras de Huckleberry Finn**

Huckleberry Finn e o seu amigo Jim foxen polo río Mississippi cara ós estados libres, onde non existe a escravitude. Porén, a viaxe estará chea de atrancos: dende asasinatos a caloteiros que porán en perigo a súa aventura.

Sushi Rústica 16,5 x 23,5 cm 270 páxinas

ISBN: 978-84-16884-63-6

20,90 €

Á VENDA  
EN FEBREIROPREMIO JULES VERNE  
DE LITERATURA  
XUVENIL 2022

Alex Alonso

**Bullying**

"Cada vez que entro ao instituto penso no inferno, e, sinceramente, preferiría mellor estar aí embaixo, no subterráneo, ardendo nas chamas. Mamá di que o inferno existe e que o ceo tamén. O do ceo está ben claro que existe porque levanto a vista e velaí está, pero o inferno, de o haber, non creo que sexa tan terrible coma este onde estou". Son as palabras iniciais do protagonista desta novela que fala de temas que centran o universo adolescente, como as redes sociais, a homosexualidade e, sobre todo, o acoso escolar.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-234-6

12,95 €



Manuel Esteban

**Setestrela**

Xano está a piques de facer doce anos e sente que non encaixa en ningures. Que o seu reloxo interior xira en sentido oposto ao do resto da xente. Que non sabe como abrir a porta que conduce ao mundo dos adultos. A súa avoa Asteria deixoulle, antes de morrer, un misterioso agasallo de aniversario que o levará ata o centro mesmo da Vía Láctea. Alí descubrirá que posúe un don. Que ser diferente o converte, precisamente, nun Abreportas. Setestrela é un libro de transición entre o mundo irreverente da nenez e o territorio sufocado da adolescencia. Un libro sobre a procura da identidade e a dificultade que teñen os adultos para aceptar todo o que se afaste do normativo.

Xerais Rústica

13 x 21 cm 264 páxinas

ISBN: 978-84-1110-150-9

12,95 €



Brais Babarro Fernández

**Hoshi. A voz da pedra fósil**

Dai Saeki leva meses sen saír do seu pequeno apartamento en Gunshū. Con dezasete anos decide autoexiliarse da sociedade. Mais, en pleno desterro cara a ningures, unha chamada irrompe na súa rutina de videoxogos e comida lixo. No armario, baixo unha morea de roupa, soa un teléfono. O cabo Isozaki, un nonaxenário que se nega a admitir o final da Segunda Guerra Mundial, segue a protexer un solitario illote a poucas millas da cidade. Ancorado no seu posto, o abnegado militar ve no rapaz a oportunidade de poder cumprir tres encargos que o atormentan dende hai tempo. Aceptar as misións, pasa por que Dai teña que facerlle fronte a aquilo do que está fuxindo.

Galaxia Rústica

13,5 x 21 cm 170 páxinas

ISBN: 978-84-9151-949-2

13,40 €

PREMIO JULES VERNE  
DE LITERATURA  
XUVENIL 2022

Rocío Leira

**Cicuta para dous**

«Búscase persoa curiosa para resolver crime que aínda non se cometeu». A aparición desta mensaxe na sección de anuncios por palabras dun xornal esperta a atención dun filósofo solitario e rosmón chamado Erundino Terrón. Xunto coa súa secretaria Irma, verase inmerso nunha investigación contra o reloxo que o levará a desentrañar as mensaxes cifradas que chegan cada mañá nas páxinas do diario. Unha pescuda chea de humor e intriga que desvelará a cara máis sorprendente da filosofía e na que, buscando respostas, tan só se atoparán preguntas.

Xerais Rústica

13 x 21 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-1110-216-2

12,95 €

Alicia Tojeiro Ríos,  
Esther Rey Oliveira e  
Antonio Fernández Amil**Non deixarei de buscarte. A historia de Quin**

Conta a historia de Quin, un fermoso can vítima do maltrato animal. Un libro solidario dirixido a nenos e maiores para comprender os sufrimentos ocultos e ignorados das mascotas consideradas como un xoguete

Galaxia Rústica

13,5 x 21 cm 62 páxinas


ISBN: 978-84-9151-959-1

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Á VENDA  
EN FEBREIRO

XXV PREMIO  
DE POESÍA  
JOHAN CARBALLEIRA



## Liz Lochhead Poemas escollidos

Autoselección de poemas que a autora publicou nas últimas catro décadas, que teñen a súa forza no amor e na memoria e que van desde a linguaxe á paisaxe, do amor á historia, da paixón pola música e as artes plásticas ata o feminismo. Por veces conmovedora, divertida, extravagante, sempre loitadora, franca e chea de entusiasmo, é unha das poetas contemporáneas máis prezadas e celebradas do Reino Unido nada en Escocia en 1947. Tamén dramaturga, tradutora e locutora, foi nomeada Poeta Nacional de Escocia (Makar) en 2021. A súa obra é abertamente política, onde se recoñece un discurso que ten a súa principal preocupación en darlle voz ás mulleres no contexto doméstico, sexual e creativo dentro das súas propias comunidades, que desvalorizan os seus traballos e as súas vidas.

Galaxia Rústica  
12 x 22 cm 240 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-962-1  
17,10 €



## Miguel Sande Brinde e desespero

Unha observación distinta dos lazos familiares utilizando a palabra en vez do bistori para extirpar un sentimento. Esoutra visión do amor na madurez como nunca se dixo antes. O ollar, coma un obxectivo, a enfocar os detalles máis cotiáns que temos diante e, en tantas ocasións, non nos decatamos. Un brinde pola imposibilidade. O desespero como algo doce na nosa inmovilidade. O autor é xornalista e ten unha longa traxectoria literaria tanto na narrativa como no teatro e a poesía, xéneros todos nos que recibiu diversos premios (neste caso, a última edición do Johan Carballeira). En Biblos publicou un conxunto de pezas dramáticas breves no volume *Elas, que din*.

Xerais Rústica  
14,5 x 22 cm 64 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-263-6  
12,95 €



## Lois Pérez e Alba Díaz Lugo Philadelphia

A procura do rock and roll de Lugo a Philadelphia, vía Nova York. Imaxes e versos atrás do «azucré marrón». Un pé no profundo e outro na lama do que non brilla. Honky Tonk Husqvarna. Como un ollo aberto do que nace ao mundo. Estrofa, retrouso e riff. E as pintadas de Lito Pereira nas paredes da Piringalla. Canta o cuco na Terra Chá cando ouvean os Rolling Stones. Sempre vagabundos atrás dun anhel. É só rock and roll: o boneco branco cos brazos en cruz no medio do camiño. É a poesía.

Xerais Rústica  
14,5 x 22 cm 136 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-241-4  
17,57 €



## Ricardo Martínez-Conde Os días

Explica o autor que "o poeta esperta cada día cunha tarefa moi sinxela: refacer o mundo. O día anterior resultou tan interesante como lúdico, e botoullo todo en desorde. Cómpre, pois, acometer a tarefa de recoller, limpar, ordenar, para que as mesmas persoas que coma el espertan cada día, teñan todo preparado para o seu traballo, para os seus xogos, para as súas paixóns. Se non, o mundo sería un desastre inimaxinable (¡E aínda así...). O poeta, que por dentro é unha persoa seria e sorrinte (a súa principal dedicación é a comprensión) acepta a tarefa con bo ánimo: é tan fermoso ver o resultado despois de cada reconstrución: cada onda no seu lugar, cada cor no seu fogar, cada persoa... a soas. Sí, aí radica a principal tarefa do poeta: distinguir a soidade da tristeza".

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 96 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-20-1  
14,90 €



## Helena Villar Janeiro De rosa antiga

Obra que celebra as vodas de ouro de Helena Villar Janeiro coa poesía. Unha escolma que é mostra significativa do que leva dado unha poeta que se iniciou hai cincuenta anos con *Alalás*. Da voz intimista do comezo, a súa obra evolucionou cara a novas temáticas e ritmos, para culminar nos haikus e contidos de carácter social con temática feminista, ecoloxista e solidaria.


Galaxia Rústica  
16 x 22 cm 154 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-922-5  
15,90 €



## Luz Campello Ben sabe o mar que posúo o botín das piratas

Escrita dende a experiencia de quen sucou os mares e sabe dos naufraxios, das illas e das arribadas. Un Eu feminino que se recoñece na intemperie, e que se cuestiona o mundo dende as súas arestas: o propio corpo, as perdas, o amor, as inxustizas, as violencias, a destrución da natureza... Un poemario de denuncia e resiliencia que transita no tempo e no devalar das mareas até desfragmentar as feridas e acadar o botín, "a única ganancia propia / a ganancia das derrotas".


Galaxia Rústica  
12,5 x 22 cm 90 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-944-7  
13,95 €



## Pepe Cáccamo e Baldo Ramos Criptografías

Exercicio de escrita secreta no que os poetas superpoñen as súas voces nun experimento que xorde da amizade e da complicidade estética. En 2014 os seus mundos literarios comezaron a orbitar arredor dos límites da poesía visual, e é esta a terceira vez que coinciden. Trátase dunha colección de poemas visuais de liña letrista en conversa con textos poéticos escritos coa vontade de diluír a autoría nunha voz común que fai desta un proposta singular.

Alvarellos Rústica  
14 x 21 cm 70 páxinas  
ISBN: 978-84-18567-33-9  
14,50 €



## Manuel Antonio De catro a catro

Publicado en 1928, é un dos libros máis abraiantes da literatura galega e converteu o seu autor nun referente ineludible das vangardas europeas. Manuel Antonio asumiu a vangarda como a única posibilidade de escribir poesía no seu tempo e, en palabras de X. L. Méndez Ferrín, humaniza os seus poemas a partir dunha "profunda vivencia do mar, da soidade individual e dos obxectos". Limiar de Ismael Ramos.

Xerais Rústica  
14,50 x 22 cm 80 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-226-1  
9,95 €


Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Marcos Lorenzo ENSER

"Un libro breve e xeneroso, escrito con brillantez e cunha atención característica que atende tanto á rítmica do texto como á música da fala", di del Pablo Seoane. "Contén comedia, afecto examinado, contemplación, unha teoría erótico-demográfica, queixas, intuicións filosóficas, cálculos, propósitos subversivos (ou de emenda), vagos manifestos, hipocondría, resentimentos ben mantidos, versos e magníficas observacións políticas".

Galaxia Rústica  
15 x 15,5 cm 134 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-905-8  
14,90 €




## Inés Mosquera Papoulas amarelas

Bolboretas, cabaliños do demo, vagalumes... sobrevoan estas páxinas coa súa delicadeza, facendo deste libro unha verdadeira delicia para os sentidos. As ilustracións orixinais que acompañan os poemas converten o volume nun obxecto fermoso para quen se queira internar na poesía.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 46 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-16-4

11,90 €  
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €





Antón Tovar  
Antoloxía poética

Textos representativos dos sete poemarios galegos de Antón Tovar (Rairiz de Veiga, 1921-Ourense, 2004) para adentrármonos na obra dun autor que, en palabras de Delfín Caseiro, responsable da biografía introdutoria, foi “un home desacougado, que semellaba vivir nun pesadelo eterno, intemporal, na procura infatigábel da luz, da calma, da verdade, da felicidade”. As angueiras existenciais da condición humana, que tan acertadamente plasma Tovar nos seus versos, marcan a lectura desta antoloxía. Son versos que nacen do íntimo, que suscitan unha profunda emoción e a reflexión crítica de quen se deixa seducir pola súa lectura. Este libro rescata unha das voces líricas máis importantes da segunda metade do século XX, precisamente arredor da celebración do centenario do nacemento de Antón Tovar.

Xerais                      Rústica  
14,5 x 22 cm            312 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-254-4  
18 €



Víctor Hugo  
O reicinho de Galiza

Nova edición da obra que marcou a aparición do número 100 do catálogo da editorial, un capítulo da visión poética da Historia constituída por *La Légende des siècles*. Trátase dunha composición épica de importancia certa, tanto para a crítica literaria como para o propio autor, que chegou a deseñar unha portada onde se xungen a paisaxe compostelá e a historia de Nuno. A emotividade e intensidade do texto huguiano consérvase plenamente na versión galega -tamén en verso- de Henrique Harguindey. Inclúe o texto orixinal, situado en paralelo á tradución.

Laiovento                      Rústica  
14 x 21 cm                    150 páxinas  
ISBN: 978-84-8487-607-6  
14,95 €



Beatriz Duarte  
Apuntes de luz y sombra

A familia, a infancia, Portugal, o amor, os amigos, a natureza, a vida. Son os elementos intimistas e tamén tan comúns a cada un de nós compartidos pola autora nunha lectura breve, profunda, a veces abstracta e melancólica. Lembranzas e reflexións que nos invitan a parar de ser para estar. Un momento para dedicar a apreciar como a tristura é fermosa e na marabillosa materia de luz e sombra da que todos estamos feitos. En castelán.

Medulia                      Rústica  
14 x 21 cm                    70 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-19-5  
11,90 €  
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



VV. AA.  
Poetas na cociña III


Carlos Abeledo, Francisco X. Fernández Naval, Armando González, Xulio L. Valcárcel, Olga Patiño, Henrique Rabuñal, Ana Ramil, Luciano Rodríguez, Xavier Seoane, José C. Ulloa García, Diana Varela Puñal, Eva Veiga, Montserrat Yoldi Sanmartín.

Como dixera Xulio L. Valcárcel ao presentar o primeiro volumen, conforta “que un grupo de poetas que a cotío ofrecen o alimento espiritual dos seus versos, acollan a iniciativa de Carlos Abeledo e colaboren, solidarios, co produto da venda deste libro a aliviar as carencias dos máis necesitados, vulnerables e desvalidos. Na mesma achega levan a recompensa.”

Medulia                      Rústica                    14 x 21 cm                    128 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-18-8  
10,40 €  
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

OUTROS TÍTULOS

**Poetas na cociña II**  
Medulia                      Rústica  
14 x 21 cm                    110 páxinas  
ISBN: 978-84-124948-0-8  
14,90 €



Maurizio Pilsinelli  
O deber do lume

Di Xosé M. Álvarez Cáccamo no prólogo que unha das claves desta obra “é o efecto de verdade derivado da lectura interpretativa das vivencias alleas, que o autor fai súas desde unha posición de evidente proximidade. Aínda que a substancia do relato pertenza á vida dun suxeito non identificábel co eu biográfico de Pilsinelli, súa é, sen dúbida, a liña das tonalidades emocionais e súas son, sobre todo, a ollada metamórfica e os labores de quebra do fio argumental en procura de rumbos de pensamento poético de cerna especulativa”.

Medulia                      Rústica  
14 x 21 cm                    80 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-21-8  
11,90 €  
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

TEATRO



Ramón Otero Pedrayo  
Miñatos de vran

Esta zarzuela galega estreouse na Habana en 1928 (Gavilanes de verano), con libreto de Enrique Zas e música de José Fernández Vide e relaciónase coa política cultural das Irmandades da Fala do seu tempo. Foi estreada de novo na cidade das Burgas en 1959, cun texto reelaborado polo propio patriarca das letras galegas a partir da idea argumental orixinal trasladada polo mestre Vide (ao perderse o texto inicial), quen tamén fixo modificacións na música. Trátase dunha obra que se axusta ás características do nomeado xénero “chico”, pouco habitual no ámbito lírico galego, e que se ofrece neste volume en edición do musicólogo Javier Jurado.

Galaxia                      Rústica  
13,5 x 21 cm                    154 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-932-4  
13,50 €



Chévere, trinta e cinco anos de axitación cultural

Chévere fai 35 anos e celébralo, logo de dous anos de estrañas circunstancias, traballando arreo e reencontrándose co público para ofrecerlle de novo algunhas das súas creacións máis senlleiras. Como parte desta celebración sae do prelo un volume que afonda na historia da compañía desde os comezos, na Compostela de 1987, ata os últimos acontecementos logo da pandemia, pasando pola etapa da Sala Nasa,

o Nunca Máis ou o Premio Nacional de Teatro concedido polo Ministerio de Cultura no ano 2014 pola súa coherente traxectoria de creación colectiva, transgresión de xéneros e conexión crítica coa realidade. Narrada en primeira persoa nun formato dialogado e profusamente ilustrado, esta obra achega da man dos seus integrantes o proceso de creación das producións máis significativas, algunhas editadas xa por Kalandraka na Biblioteca de Teatro.

Kalandraka                      Rústica  
22 x 22 cm                    300 páxinas  
ISBN: 978-84-1343-179-6  
37,05 €

# Compostela

**Benxamín Vázquez González e Xaime Cortizo**

## Gárgolas de Compostela

O xornalista Benxamín Vázquez, que tantas décadas leva paseando todas as rúas composteláns, aliase co fotógrafo Xaime Cortizo, outro namorado da capital galega, para nos facer ver a singularidade da que podería ser a cidade europea con maior densidade de gárgolas, esas máscaras pétreas —enigmáticas, divertidas, transgresoras— que nos contemplan desde o alto a partir da Idade Media. Hai máis de 300, e nesta pioneira guía trilingüe (galego, castelán e inglés) selecciónanse 30 das máis singulares, nunha ollada nova e moi sorprendente. Son “caprichos de canteiro”, en palabras do autor, porque o feito de ocupar o espazo máis afastado da rúa deulle liberdade total aos seus creadores, sen censuras, para tallar nelas todo tipo de animais fabulosos, antropoides satíricos, monstros mitolóxicos, anxos humanizados... Inclúe un plano de localización de todas elas.

Alvarellos Rústica 12 x 22 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-18567-31-5

16,05 €

**VV. AA.**


## Compostela como desexo

O filósofo Antón Baamonde; o economista Fernando Barros; dous arquitectos —Xerardo Estévez e Alfonso Salgado— e o filólogo Xosé Manuel Villanueva presentan o que definen como “un documento de reflexión e de ilusión” para compartir coa cidadanía, conscientes de que a capital de Galicia afronta unha década crucial. Un ensaio divulgativo onde cinco autores, todos eles cunha longa traxectoria profesional e persoal desenvolvida na capital de Galicia, propoñen unha nova mirada sobre a cidade en catro breves capítulos sobre a historia, a economía, o territorio, o urbanismo e a cultura de Compostela.

Alvarellos Rústica 12 x 19 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-18567-35-3

14,50 €



**Celso García de la Riega**


## A patria de Colón

Pontevedra conta con dous factores vantaxosos para ser a patria de Cristovo Colón: que no século XV había veciños con este apelido, e que contaba con embarcacións que facían a ruta do norte ata Inglaterra e Flandes, e a do sur ata a illa de Sicilia. Barcos pontevedreses rexístranse nesta época en case todos os portos do Mediterráneo: Valencia, Barcelona, Xénova, Sicilia, Ibiza, Mallorca, Niza, Nápoles, Savona, Sardeña, Pisa, etcétera. Neste libro, publicado en 1914, Celso García de la Riega baseándose nos documentos descubertos ata entón nos que figura o apelido Colón, chega á conclusión de que o descubridor de América puido nacer en Pontevedra o ano 1436 ou 1437, e seren seus pais Domingo de Colón, O Mozo, e Susana Fonterosa.

Toxosoutos Rústica 15 x 23 cm 172 páxinas

ISBN: 978-84-96673-35-9

13 €



**Ramón Yzquierdo Peiró**

## Os tímpanos de Compostela

Recompilación destas obras escultóricas, de grande interese —e a partir das que xurdiron novos modelos iconográficos que tiveron destacada difusión ao longo dos tempos—, que se atopan na catedral compostelá e noutros lugares da cidade. Obras de arte que adoitan pasar inadvertidas para a maior parte dos composteláns e visitantes, e que configuran un percorrido distinto para coñecer Compostela. O traballo do doutor en arte e director do museo da catedral de Santiago acompañase de ilustracións explicativas e únese ao labor de recuperación do noso patrimonio cultural.

Galaxia Rústica 17 x 23,8 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-9151-960-7

19,85 €



**Henrique Alvarellos**


## Federico García Lorca en Santiago de Compostela

Pasear con García Lorca pola súa amada Compostela. Escoltoal recitar, cantar ou tocar o piano, observar como debuxa, como escribe, con quen fala, que lugares visita... Esta é a crónica do poeta andaluz que nos presenta o autor, a dun escritor que se definiu como “poeta galego”. Lorca viviu nesta cidade momentos inesquecibles. Segunda edición actualizada dun volume ilustrado con máis de setenta documentos e fotografías, ademais de numerosas anécdotas e testemuños, moitos deles moi descoñecidos. Inclúe o trazado da primeira ruta lorquiana pola cidade.

Alvarellos Rústica 13 x 23 cm 204 páxinas

ISBN: 978-84-18567-32-2

18,81 €



**Celso García de la Riega**

## La Gallega.

## Nave capitá de Colón

A partir de documentos da época e de publicacións referidas ao descubrimento de América, García de la Riega pretende demostrar que a Santa María se construíu nos estaleiros da ría pontevedresa, daquela con capacidade para facer embarcacións que dende moito antes sucaban o océano Atlántico ata Inglaterra e os Países Baixos, e o Mediterráneo ata Nápoles, Xénova.

Toxosoutos Rústica 15 x 23 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-96673-42-7

12 €



**Alfonso Philippot Abeledo**

## Colón, galego. O almirante das mil facianas

En opinión de X.L. Mendéz Ferrín e Francisco de Pablos, “a tese de Philippot é estruturalmente impecábel, e contén o corpo xenealóxico máis completo que existe sobre este tema”, sendo así mesmo moi significativos os eloxios do catedrático da Facultade de Ciencias da Información Manuel Mourelle de Lema: “A identidade de Cristovo Colón, de Alfonso Philippot, obra suxestiva só polo título, produce no lector curioso unha grata satisfacción de canto esixe a indagación histórica: método, desbordante documentación e interpretación obxectiva do material posto ao alcance do erudito historiador”.

Toxosoutos Rústica 15 x 23 cm 103 páxinas


ISBN: 978-84-96259-36-2

11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



# 20 anos do *Prestige*



## Santi Domínguez Cando choraron as Cíes

O día en que choraron as Cíes, miles de persoas nos convertemos en panos de man para enxugar as súas bágoas. E este é un libro sobre o amor que tantas persoas lle demostraron ao mar cando estaba estragado pola negrura e a escuridade. Testemuños de homes e mulleres que, coas súas mans e o seu alento, foron capaces de defender o que era noso. Recordos de loita, de bravura e mesmo de sacrificio que os galegos e galegas experimentamos naqueles días. O autor naceu en 1964 en Vigo. Empezou a exercer como mestre en 1985 no colexio San José de Lugo, para volver á súa cidade no ano 1989, onde imparte clases desde entón no colexio San José de la Guía, en Teis. Entre 1995-2015 dedicouse á política activa, chegando a ser concelleiro, tenente de alcalde da cidade de Vigo e director xeral de Deportes da Xunta de Galicia.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 186 páxinas

ISBN: 978-84-9151-943-0

19,71 €




## VV.AA. Prestige. 20 voces x 20 anos

A memoria é necesaria malia o tempo transcorrido. Por iso, vinte anos despois do desastre do Prestige, daquela mobilización social sen precedentes, varios autores e autoras lembran, coas súas palabras, aqueles días incertos e aciagos. Vinte voces que berran, todas a unha, coma naquel afastado 20 de novembro de 2002. E, con elas, os rostros, os acenos e as mans dos que estiveron en primeira liña, os retratos dos protagonistas, baixo a mirada de José Luís Abalo, que loitaron heroicamente contra unha marea negra que quixo devorarnos, mais que non o logrou.

Galaxia Rústica 19 x 15 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-9151-945-4

15 €



## Xosé Manuel Pereiro Tal como foi, tal como fomos

Este non é un libro de investigación nin un ensaio. Do desastre do Prestige todo se sabe, ou iso cremos, máis non sabemos o que queda por coñecer. Malia os vinte anos transcorridos dende entón, o xornalista Xosé Manuel Pereiro segue pensando que a meirande marea negra da historia de Galicia provocou un cambio de mentalidade. Un trastorno social transitorio. Estás paxinas, escritas coa paixón do correspondente de guerra, relatan o desastre tal como foi, e retráñanos a nós, tal como fomos. O autor (Monforte de Lemos, 1956) estudou na Universidade Complutense de Madrid, pero o sino profesional determinou que cubriese ducias de naufraxios, entre eles os desastres ambientais máis sonados, para TVE e El País.

Galaxia Rústica 12,2 x 12,4 cm 122 páxinas

ISBN: 978-84-9151-952-2

15,20 €



## Luís Gonçalves Blasco "Foz" A UPG em Portugal e alguma coisa mais

Em 2012, o autor apresentava un vasto libro sobre a política e organización exterior da UPG nos seus primeiros anos. Com o presente texto, o libro cresce e é revisto, mostrando como a UPG encontrou, em Portugal, un lugar para fazer política contra a ditadura franquista e, da mesma forma, contra a política antisalazarista. Abordábase aquí, tamén, as relacións da UPG com a esquerda portuguesa e com os partidos espanhóis á esquerda do PSOE.

Através Capa mole

14 x 21cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-16545-75-9

13 €



## VV AA Memoria do Vigo proletario. 50 aniversario da folga xeral de setembro de 1972

Crónica daquel setembro vermello vigués de 1972 do que se celebra o 50 aniversario. A maior mobilización obreira da historia de Galicia en que, do 9 ao 26 de setembro, máis de quince mil obreiros foron á folga e reivindicaron polas rúas da cidade os seus dereitos fronte ao réxime franquista. Aquelas multitudinarias xornadas de solidariedade e protesta deron lugar a unha feroz represión patronal e policial, con centos de despedimentos, ducias de detencións e torturas.

Galaxia Rústica

16 x 23 cm 354 páxinas

ISBN: 978-84-9151-927-0

22,80 €



PREMIO  
RAMÓN PIÑEIRO  
DE ENSAIO 2021

## María do Cebreiro Rábade Villar Maternidades virtuosas. Unha crítica aos modelos profesionais de crianza

O principal obxectivo deste ensaio é explorar os novos dispositivos parentais e as súas implicacións colectivas. O texto entra en diálogo con clásicos da literatura feminista, ao tempo que tenta explorar os límites da dimensión confesional do xénero. Na sociedade actual a maternidade concíbese como un extenso campo simbólico, a miúdo moi polarizado, que vén disparando un inxente corpus de produción verbal, que a autora denomina "xiro discursivo da maternidade".

Galaxia Rústica

13,5 x 21 cm 164 páxinas

ISBN: 978-84-9151-925-6

15,96 €



## Edgar Morín Espertemos!

"Como navegar nun océano de incerteza? Como podemos entender a historia que estamos a vivir? Como podemos admitir finalmente que, degradando a ecoloxía do noso planeta, estamos degradando as nosas vidas e as nosas sociedades? Como entender o mundo que está cambiando de crise en crise? Como concibir a increíble aventura da nosa humanidade? É unha carreira da morte ou unha carreira de metamorfose? Podería ser tanto un como outro? Espertemos!" Edgar Morín. En tradución de Xosé Manuel Beiras Torrado.

Laiovento Rústica


14 x 21 cm 58 páxinas

ISBN: 978-84-8487-605-2

9,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

# Manuel Bragado



## Vitor Vaqueiro Facedores de imaxes. Fotografía e sociedade en Vigo. 1870-1915

Este é o paradoxal relato das vidas e da obra dunha parella —Filippo Prosperi, Cándida Otero— que publicou fotografías nas mellores revistas galegas e estatais, premiárona en concursos, concorreu a exposicións, fotografou personaxes —Curros Enríquez, Elduayen, Cánovas— e feitos de primeira magnitude —pegadas da guerra colonial cubana ou alicerces do Vigo moderno— e cuxa herdanza, misteriosamente, consiste nun par de centos de fotografías. Vitor Vaqueiro (Vigo, 1948). Licenciado en Química e doutor en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela cunha tese sobre a obra fotográfica dos Pacheco, é fotógrafo, ensaísta e historiador da fotografía.


Galaxia Rústica  
24 x 21 cm 124 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-936-2  
20,90 €



## Vigo, abella da ribeira

Reúne oitenta crónicas da memoria de Vigo como cidade amada que reflexionan sobre como se foi conformando a súa identidade de cidade portuaria atlántica e bimilenaria, onde todo chega e marcha polo mar. Cidade cifra da Galicia contemporánea, na que caben todas as Galicias posibles. Co formato dun libro de esbozos biográficos, estas prosas viguesas relatan as vidas de persoas de moi diversa procedencia, dende mariñeiros e obreiros a deportistas, médicas, escritoras e taberneiras, que co seu criterio e entusiasmo, mesmo coa achega da súa propia vida, contribuíron na construción do proxecto colectivo dunha cidade estrépito e feroz, de guindastres asombrados, abismo e paraíso.

Xerais Rústica  
24 x 21 cm 288 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-240-7  
18,95 €



## Luís Gonçales Blasco 'Foz' Celso Emilio Ferreiro, nacionalista galego

Exponse a traxectoria política do gran poeta de Celanova desde a súa vinculación co movemento nacionalista das Mocidades Galeguistas, até que foi expulsado da UPG e despois militou no PSG para, nos últimos anos de vida ingresar, de forma testemuñal, no PSOE. O traballo lévase a cabo analizando tamén o contexto histórico, literario e social da biografía de Celso Emilio, así como da súa obra literaria, para verter luz sobre certos lugares comúns reiterados noutros ensaios que pretenden afastalo da ideoloxía nacionalista. Manexando documentación fidedigna, queda ben ás claras o percorrido de Celso Emilio Ferreiro no ámbito da UPG, desde a súa fundación até a súa expulsión, como tamén algúns capítulos nos cales o propio «Foz», autor deste libro, foi coprotagonista dos acontecementos.

Xerais Rústica  
14,50 x 22 cm 192 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-262-9  
16,10 €

# Ourensanía




## Santiago Barreiros Entrambosríos. Unha aldea da Ribeira Sacra ourensá

Fotografías en branco e negro que falan de como era a vida na aldea ourensá de Entrambosríos a finais do século XX. Un texto inicial do autor das mesmas describe como o seu interese pola paisaxe e o azar acabaron vencellándoo para sempre ao corazón da Ribeira Sacra.

Dep. Ourense Cartonado  
25 x 24 cm 142 páxinas  
ISBN: 978-84-16643-35-6  
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Alfredo Cid Rumbao Afonso o sabio e Ourense

Reedición da obra de Cid Rumbao publicada en 1980 que pescuda na relación do rei sabio con Ourense.

Dep. Ourense Rústica  
14 x 19 cm 130 páxinas  
ISBN: 978-84-16643-42-4  
8 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Laura F. Espinosa e Mónica V. Lopo El Camino de Santiago por las tierras de Rosendo

Minucioso percorrido pola ruta de peregrinación a Santiago dende a cidade portuguesa de Braga que penetra pola provincia de Ourense a través da serra do Xurés, para seguir ata Ourense polas terras de San Rosendo e enlazar coa Vía da Prata.

Dep. Ourense Espiral  
16 x 21 cm 140 páxinas  
ISBN: 978-84-16643-43-1  
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Enrique Fernández Vila Santa Eufemia de Ambía. Mirada prerrománica

Declarada como Ben de Interese Cultural dende 1931, Santa Eufemia de Ambía é unha das xoias prerrománicas da provincia de Ourense. Este libro fai un estudo arquitectónico e historiográfico dos diferentes elementos que configuran a identidade do templo do século X.

Dep. Ourense Rústica  
22,5 x 22,5 cm 202 páxinas  
ISBN: 978-84-16643-44-8  
15 €



## María Belén Gómez Quevedo Ribeira Sacra. El pasado es presente

A Ribeira Sacra abrangue unha superficie de 2.556 quilómetros cadrados repartidos entre 21 concellos. Un dez por cento, 257 quilómetros, forman parte da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos. A autora fala do desenvolvemento turístico dunha das zonas máis emblemáticas da provincia de Ourense.

Dep. Ourense Rústica  
21 x 15 cm 190 páxinas  
ISBN: 978-84-16643-45-5  
16,15 €





Xosé Ramón Veiga

## Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina (1805-1872). Facer do século

O autor, doutor en Historia e profesor titular da USC, achéganos a figura dunha muller que viviu nunha época convulsa á que se enfrontou con fondas conviccións. É Juana de Vega (A Coruña, 1805-1872) unha muller descoñecida para o gran público, guiada pola máxima de "cumprir co seu deber", neste caso co seu país, coa memoria do seu marido, cos seus correligionarios progresistas, cos nenos abandonados, cos pobres e enfermos, os perseguidos, os condenados e os faltos de educación formal.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 804 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-963-8  
38,95 €



Francisco Calo Lourido

## A historia de España baseouse en falacias

"Nin Reconquista, nin Imperio, nin Estado ata o XVIII, nin Nación ata o XIX", resume o subtítulo sobre a historia de España que rematou fixada, canonicamente, nos séculos XIX e XX. A súa síntese será transmitida, como adoutrinamento, a todos os cativos e cativas da totalidade do territorio: España é unha única nación cunha Historia común que, arrancando desde Altamira, facendo unha Reconquista, sendo unificada polos Reis Católicos, gobernando un Imperio etc., chega ata hoxe como a nación máis antiga de Europa. Este libro cuestiona toda a construción historiográfica dunha maneira orixinal, xa que o seu fio condutor discorre a base de ganduxar as ideas propias por medio de textos alleos para que aquelas vaian ben arroupadas cientificamente.

Xerais Rústica 17 × 24 cm 632 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-232-2  
25,60 €



Carlos A. Portomeñe Pérez

## Vivir e morrer pola causa

José Gómez Gayoso (Maceda, 1910–Campo da Rata (A Coruña), 1948) foi un loitador político que tivo que vivir nun tempo ategado de adversidades e definido polos horrores da represión extrema da Ditadura. O autor ofrécenos, en palabras de Xesús Alonso Montero, "unha biografía moi completa e excelentemente contextualizada dunha figura cunha vida verdadeiramente heroica, se por heroísmo entendemos entregar a existencia a unha causa pública e nobre", completada coa súa correspondencia con Concha Abad.

Carlos A. Portomeñe (Lugo, 1968) estudou Ciencias Políticas na USC, é escultor e artesán especializado na construción de escenografía e atrezzo teatral. Foi secretario xeral do Partido Comunista de Galicia (2002-2014) e pertence ao Comité Central do PCE.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 334 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-961-4  
23,27 €



## Anisia Miranda Mitos e lendas da vella Grecia

